



1.-Ordenanza Fiscal Nº 1: Reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Publicacións:

Creación BOP 27 DE DECEMBRO DE 2007.
ÚLTIMA PUBLICACIÓN B.O.P. 26/12/2013.

Fundamento e natureza

Art. 1º.- En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co establecido nos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Xinzo de Limia establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se esixirá conforme ao disposto nos artigos 100 a 103 de dito Texto Refundido e na presente Ordenanza.

Feito imponible

Art. 2º.- 1. Constitúe o feito imponible deste imposto a realización dentro do Municipio de calquera construción ou obra para as que se esixan a obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, obtivérase esta ou non, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2. As construcións, instalacións ou obras ás que se refire o parágrafo anterior, de conformidade co artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, poderán consistir en calquera acto de uso e edificación do solo ou do subsolo e, en particular:

- a) Parcelacións urbanísticas.
- b) Movementos de terras.
- c) Obras de construción de toda clase de edificacións e instalacións de nova planta.
- d) Modificación da estrutura, disposición interior ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- e) Primeira utilización dos edificios.
- f) Modificación do uso dos edificios existentes.
- g) Obras de demolición.
- h) Colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.
- i) Aliñamentos e rasantes.
- j) Obras de fontanería e enganche ás redes xerais municipais de abastecemento e saneamento.
- k) Obras en cemiterios.
- l) Peches e valados de predios e fincas.
- m) Calquera outra construción, instalación ou obra e, en xeral, todo acto de uso e edificación do solo que requira licenza municipal de obras ou urbanística.



De forma pormenorizada enténdense inseridas as do art. 1º do **Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Real Decreto 218/78, de 23 de Xuño.**

3. Atópanse incluídas así mesmo:

a) As actividades extractivas realizadas pola minería en xeral no Municipio e, en especial, as de mineración a ceo aberto e interior para a extracción do carbón, canteiras de material calcario, de pizarra, granito, greda e outros materiais con referencia a Lei de Minas así como extraccións de áridos de aluviós fluviais asentados nos cursos dos ríos ou vertentes montañosas.

b) As construcións, instalacións ou obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal, nas que, a licenza, aludida no apartado anterior, considerárase outorgada unha vez se ditara a orde de execución.

c) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares e empresas subministradoras de servizos públicos, que comprenderán tanto as obras necesarias para levar a cabo a apertura e exploracións e pozos ou gabias, tendido de carrís, colocación de postes, canalizacións, acometidas e en xeral calquera remoción do pavimento ou das beirarrúas, coma as que sexan precisas para efectuar a reposición, reconstrución ou arranxo do que se destruíra ou deteriorara coa expresadas calas ou gabias.

c) As construcións, instalación e obras que se realicen nos cemiterios, como construción de panteóns, mausoleos, reformas e colocación de sarcófagos, lápidas, cruces e demais atributos e as obras de fontanería, de sumidoiro e galerías de servizos.

Exencións

Artigo 3º.- Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Suxeitos pasivos

Art. 4º.- 1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se retire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non se realice polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.



O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Responsables

Art. 5º.-1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Base imponible

Art. 6º.- 1. A Base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

2. Non forman parte da base imponible o IVE e demais impostos análogos propios dos réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Tipo de Gravame e Cota Tributaria

Artigo 7.- 1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

2. O tipo de gravame será o 2,28%.

Obriga de contribuír:

Artigo 8.- 1. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

Normas de xestión

Art. 9º.- 1.Cando se conceda a licenza preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo oportuno Colexio Oficial; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, en concordancia co custo estimado do proxecto.

2. A vista das construcións, instalacións ou obras verdadeiramente realizadas e do custo real e verdadeiro das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa poderá modificar, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a contía correspondente.



3. No suposto de que a correspondente licenza de obras ou urbanística for denegada, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas satisfeitas.

4. Se a obra fose realizada con anterioridade a obtención da correspondente licenza e esta fose denegada por incompatibilidade coa normativa urbanística, procederá a liquidación do Imposto, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística e procedemento sancionador, coa imposición das sancións que correspondan reguladas no artigo 220 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza.

Bonificacións

Art. 10º.- Aplicarase unha bonificación sobre a cota do imposto de ata o 95% a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Inspección e recadación

Art. 11º.- A inspección e recadación do imposto realizarase segundo o disposto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Infraccións e sancións

Art. 12º.- 1. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulamentado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 13 de outubro de 2013, substitúe e derroga á anterior. Entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derrogada expresamente.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 G



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 G